



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias marzo 2020

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2020 acadou a cifra de 1.002.624 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de febreiro de 2020 de 9.730 afiliacións (-0,96%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.006.760, rexistrando unha diminución do 1,26% con respecto ao pasado mes de febreiro

Na comparativa interanual (marzo de 2020 con marzo de 2019) obsérvase unha diminución de 1.781 afiliacións no total do sistema en Galicia (-0,18%) e unha diminución do 0,19% (36.816 afiliacións) no conxunto estatal.

Como consecuencia da pandemia do coronavirus, cuxo impacto comeza a apreciarse de forma notoria a partir do día 12 de marzo, é preciso sinalar que o dato de afiliación media non reflicte con rigor o acontecido no conxunto do mes.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2020, rexístrase unha baixada das afiliacións en todas as comunidades autónomas, agás en Illes Balears (2,27%), destacando principalmente o descenso producido en Canarias (-2,44%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en 11 comunidades autónomas. Os maior descenso rexístrase en Extremadura. En senso contrario, Navarra presenta o maior aumento.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.006.760	-243.469	-1,26	-36.816	-0,19
Galicia	1.002.624	-9.730	-0,96	-1.781	-0,18
Andalucía	3.084.718	-54.098	-1,72	-27.983	-0,90
Aragón	567.875	-7.710	-1,34	-936	-0,16
Asturias	359.525	-3.499	-0,96	-2.027	-0,56
Illes Balears	451.696	10.028	2,27	-6.323	-1,38
Canarias	798.177	-19.964	-2,44	-11.063	-1,37
Cantabria	214.267	-2.111	-0,98	618	0,29
Castilla La Mancha	694.046	-10.730	-1,52	-4.189	-0,60
Castilla y León	905.998	-8.826	-0,96	-4.400	-0,48
Cataluña	3.399.788	-41.015	-1,19	-10.718	-0,31
Comunitat Valenciana	1.897.051	-27.741	-1,44	5.536	0,29
Extremadura	383.337	-4.326	-1,12	-7.328	-1,88
Madrid	3.226.991	-52.065	-1,59	17.768	0,55
Murcia	590.724	-1.987	-0,34	6.140	1,05
Navarra	286.957	-1.859	-0,64	3.413	1,20
País Vasco	967.389	-5.764	-0,59	7.114	0,74
La Rioja	128.236	-1.748	-1,35	-385	-0,30
Ceuta e Melilla	47.363	-326	-0,68	-269	-0,57

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

¹

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de febreiro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas, agás en Pontevedra. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 0,03%, o que supón 121 afiliacións máis, seguida de A Coruña (-0,20%), Ourense (-0,25%) e, por último, Lugo (-0,65%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro de 2020, rexistrouse en Galicia unha diminución do 0,96%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose a maior baixada en Pontevedra (-1,23%).

Quadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	430.841	-3.904	-0,90	-862	-0,20
LUGO	120.707	-606	-0,50	-789	-0,65
OURENSE	101.351	-868	-0,85	-251	-0,25
PONTEVEDRA	349.725	-4.352	-1,23	121	0,03
GALICIA	1.002.624	-9.730	-0,96	-1.781	-0,18
ESPAÑA	19.006.760	-243.469	-1,26	-36.816	-0,19


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas en marzo de 2020, diminuíron un 1,23% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 0,11%. En España estas taxas foron do -1,50% con respecto a febreiro de 2020 e do -0,21% en relación ao mes de marzo de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,0%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,07%. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2020, baixan A Coruña e Ourense, mentres que soben Lugo e Pontevedra, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,03%. As taxas nacionais para este réxime presentan baixadas, tanto con respecto a marzo de 2019 (-0,05%), como a febreiro de 2020 (-0,17%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2019, soamente Lugo amosa unha taxa positiva e A Coruña presenta a taxa máis negativa (-1,81%). A taxa galega sitúase entón no -1,78%, superior á de España (-2,75%). Con respecto a febreiro de 2020, a única taxa negativa atopámola en Pontevedra (-0,86%), mentres que Lugo presenta unha taxa moi positiva (3,62%). A taxa galega amosa así unha diminución do 0,07% con respecto a febreiro de 2020. A taxa nacional é do 1,17%.




Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MARZO 2020	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	430.841	-0,90	-0,20
LUGO	120.707	-0,50	-0,65
OURENSE	101.351	-0,85	-0,25
PONTEVEDRA	349.725	-1,23	0,03
GALICIA	1.002.624	-0,96	-0,18
ESPAÑA	19.006.760	-1,26	-0,19
R. XERAL			
A CORUÑA	340.405	-1,13	0,08
LUGO	85.677	-0,79	-0,22
OURENSE	77.909	-1,08	0,26
PONTEVEDRA	269.894	-1,55	0,21
GALICIA	773.886	-1,23	0,11
ESPAÑA	15.690.350	-1,50	-0,21
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.483	-0,09	-1,19
LUGO	33.519	0,08	-1,77
OURENSE	23.441	-0,07	-1,89
PONTEVEDRA	66.596	0,01	-0,28
GALICIA	208.040	-0,03	-1,07
ESPAÑA	3.252.517	-0,17	-0,05
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.953	0,79	-1,81
LUGO	1.510	3,62	0,16
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.234	-0,86	-1,98
GALICIA	20.698	-0,07	-1,78
ESPAÑA	62.654	1,17	-2,75

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>